

GANDERÍA POSE, UN EXEMPLO DE PROGRESO CARA Á INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Abordamos as transformacións acontecidas nesta explotación coruñesa derivadas da instalación de dous robots de muxido Lely Astronaut A5, un sistema de prevención e desinfección de pezuños Lely Meteor e unha amamantadora automática Lely Calm.



Foto de familia diante dun dos robots de muxido

Daniel, xunto á súa irmá Cristina e os seus pais, son socios da gandería Pose SC (Coristanco, A Coruña). En xullo de 2019, Daniel decide darlle un cambio á forma de xestionar o rabaño e implanta dous robots de muxido, principalmente impulsado pola próxima xubilación dos seus pais e a dificultade de atopar man de obra.

Daniel e o pai son os encargados de realizar a maior parte dos traballos da granxa e do campo; dispoñen dunhas 70 hectáreas de terreo onde cultivan millo (unhas 40 ha) e raigrás. A nai e a irmá dedicábanse principalmente ao muxido e agora son as encargadas de xestionar os robots. Desde hai ano e medio contan cunha amamantadora para a cría de xatas, onde entran con 10 días de vida e se destetan con 80. No tempo que a levan usando, as xatas gozan dunha excelente saúde e teñen un crecemento óptimo. O segredo, apunta Daniel, é a hixiene, tanto na máquina dispensadora de leite como na cama quente. Tamén asegura que é de vital importancia que cada xato conte con 4 m² para descansar, así como realizar unha escurpulsosa limpeza diaria da subministración de alimento.



Zona de xatas na amamantadora

CARACTERÍSTICAS DO ESTABLO

O establo foi construído en varias fases; unha parte antiga para unhas 40 prazas coa que empezaron a gandería os pais, que foron ampliando en varias fases segundo a necesidade de crecemento ata chegar aos 138 cubículos que teñen a día de hoxe para vacas en produción e secas. A última ampliación foi para a recría, que conta con 100 cubículos. En conxunto, a nave ten uns 2.000 m² construídos con dous parques (lactación-secas e xovens) e un único corredor de alimentación central.

Pola porta de entrada norte, na liña da dereita, localízanse un almacén, a continuación a zona de xatas coa amaman-

tadora, un corredor para o acceso aos boxes de xatas e, finalmente, a zona de recría, onde as xatas están en cubículos adaptados segundo as idades; entran con tres meses e pasan por cinco lotes diferentes ata os oito meses de xestación, cando son trasladadas ao lote de vacas secas.

Na liña da esquerda localízanse as vacas de lactación e, a continuación, as secas separadas por unha cancela. A zona de lactación conta cunha fila central de cubículos cabeza con cabeza en camas de area. Aproveitando a instalación dos robots en terceira fila, tamén se fixo unha terceira fila de cubículos.

Unha área das zonas laterais de ampliación coincidía coa sala de muxido, o que tamén contribuíu a mellorar a ventilación xeral do establo ao tirar as paredes da antiga sala. Os corredores tiñan unhas dimensións de 600 cm o dianteiro, 260 cm o traseiro e 200 cm os laterais. Para garantir un bo fluxo de vacas aos robots e evitar competencias para a entrada, abriuse un corredor central de 550 cm de ancho, instalando unha fila de bebedoiros unicamente nun dos laterais. Este corredor empregouse como área de contención con tres portelas de corredio vertical para a habituación das xovens. A saída dos animais do robot coincide cara ao corredor traseiro.

A alimentación das vacas de leite consiste en 31 kg de millo, 12 kg de silo de herba e 11 kg de penso.



Vista do corredor central de entrada aos robots desde a oficina

INSTALACIÓN DOS ROBOTS


A fase de instalación dos robots de muxido durou 15 días, a fin de contribuír cun menor estrés para os animais. Para favorecer o traballo do persoal e reducir o estrés, comezaron con 100 vacas no robot e tentaron secar o maior número posible de femias. O período de adaptación consistiu nunha semana de subministración exclusiva de penso no box de muxido. Daniel comenta que achegaba as vacas ao robot dúas veces ao día e que en tres días xa había unhas 30-40 que entraban soas. O concentrado da ración reduciuse un quilo durante o período de habituación para evitar empachos e favorecer a atracción ao robot. Posteriormente, e xa preto da posta en marcha, fóronse reducindo os quilos de concentrado de maneira progresiva ata manterse en sete quilos aos tres días de iniciar os primeiros muxidos. Así favoreceuse a mínima perda en leite e a maior afluencia voluntaria ao robot, de forma que, aos cinco días de iniciar o muxido, unicamente se achegaban vacas con 10 horas ausentes e aos 15 días practicamente o 90 % entraban soas.



Desde a experiencia de Daniel, o feito de ampliar cubículos favoreceu moito a comodidade e a saúde dos animais, pero non influíu na afluencia voluntaria ao robot. Anteriormente muxíanse 123 vacas con 97 camas e agora con 114, o cal mellorou de forma notoria a circulación e a súa comodidade. Apunta que o manexo da alimentación foi a clave de que as vacas acudisen ao robot con frecuencia, sen necesidade de ser achegadas.

EXPERIENCIA CO LELY METEOR

O robot conta co sistema de prevención e desinfección de pezuños Lely Meteor, que lava os pés en cada muxido cun chorro de auga con xabón e, ao terminar o muxido, aplica un desinfectante para previr infeccións locais, tales como dermatite. Anteriormente non facían baño de patas por falta de sitio, pero lavaban os pezuños todos os días na sala de muxido con auga e, puntualmente, ás vacas que vían con risco de dermatite, cun desinfectante. Desde que instalaron o Meteor non atopan coxeiras visibles nin tampouco infeccións locais de pezuño.






PRIMEIROS RESULTADOS

Os rendementos produtivos da gandería xa se viron incrementados desde o momento en que se instalaron os robots, a pesar da continuación das obras no establo (cubículos, leitería, derru-

bamento da sala de muxido, construción da oficina etc.).

As gráficas mostran un incremento medio de 3 kg de leite por vaca e día desde a instalación do robot (de xullo a setembro). Introducíronse 10 vacas máis desde a arrincada e incrementáronse uns 1.000 kg de leite totais. Actualmente mantense unha media de 15,5 kg de concentrado consumidos en robot para producir 100 kg de leite. A rutina nas pautas de manexo reflíctese na ruminación, no peso e no consumo de concentrado, que permanecen estables no tempo, e isto garantirá unha consistencia nas producións a futuro.



No eixe X (horizontal) das gráficas represéntase a evolución de cada un dos parámetros desde o día da arrincada ata a actualidade (xullo-setembro)